



As Pontes 6 de novembro de 2018

Estimadas nais e pais:

A Xunta Electoral constituída segundo o establecido no Decreto 92/1988 para organizar e supervisar o procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, fixou na súa reunión do día 5 de novembro o calendario que vos axuntamos.

Segundo ese calendario, **dende o día 6 ata o día 14 de novembro**, estarán **expostos no Centro os censos electorais e poderán presentar candidaturas todas as nais e pais interesados en formar parte do Consello Escolar**. Para iso terán que pasar polo colexio onde se lles facilitará un modelo de credencial. O prazo de admisión de candidaturas remata tamén o día 14 do presente mes.

O día 26 de novembro terán lugar as votacións dos diferentes sectores para elixir os seus representantes. O horario de votación para o sector de nais e pais do alumnado será **de 12 a 14 horas e de 16 a 18 horas**.

Queremos lembrarvos que:

- Nesta convocatoria corresponde unha renovación parcial dos membros do Consello Escolar, no sector de nais e pais corresponde a renovación de dous dos vosos representantes.
- Todas as nais e pais sodes electores, é dicir, podedes votar os dous.
- Todas as nais e pais sodes elixibles, sempre que presentedes a vosa candidatura.
- Para poder votar debedes estar correctamente inscritos no censo.

Unha vez máis, poñémonos á vosa disposición para intentar resolver calquera dúbida que teñades.

Un saúdo.

O director

Asdo.: Manuel Vázquez Prado.